



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 29 DE FEBREIRO DE 2016.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vintenove de febreiro de dous mil dezaseis; as doce e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro e Don Javier Iglesias Sendín.- Non asiste Dona Maria López Touza.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado vintedous de febreiro de dous mil dezaseis (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.--**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

**RENUNCIA DE POSTO DA PRAZA DE ABASTOS.-**

Vista a solicitude presentada nesta Administración Local por **Dona Patricia Soto Alvarez**, con domicilio na avda. de Redondela nº 4, 3ºA, Ribadavia, no que solicita a renuncia do posto núm. 3 da planta baixa da Praza de Abastos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder o solicitado.

Acordase comunicar dito acordo os departamentos de Intervención e Tesourería os efectos oportunos.

**CONCESION DE POSTO DA PRAZA DE ABASTOS.-**

Vista a solicitude presentada nesta Administración Local por **Dona Maria del Portal González Domínguez**, con domicilio na rúa Muñoz Calero nº 6, 4º Izda, Ribadavia, no que solicita a concesión do posto núm. 3 da planta baixa da Praza de Abastos, para venda de produtos ecolóxicos e de comercio xusto, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda acceder o solicitado, adxudicandolle o posto nº 3, planta baixa, para a actividade referenciada anteriormente.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Esta ocupación terá o carácter legal de concesión, sen que o prazo das mesmas, a partir do día efectivo da súa ocupación supere o sinalado no artigo 7 da Ordenanza do Mercado Municipal de Abastos deste Concello. Así mesmo os concesionarios obriganse a cumprir o establecido na Ordenanza de Mercados Municipal de Abastos e a Ordenanza Reguladora da taxa denominada Mercados. Así mesmo a citada autorización queda condicionada ao pago da taxa pola recollida de basuras sen a cal esta autorización quedará sen efecto.

Para o inicio da actividade deberá presentar a correspondente comunicación previa de actividade así como o aboamento das taxas correspondente a licenza da actividade, para o cal presentará a Alta no Imposto de Actividades Económicas (I.A.E.).

Acordase comunicar dito acordo os departamentos de Intervención e Tesourería os efectos oportunos.

Habéndose advertido un erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 01.02.2016, a Xunta de Goberno Local, acorda correxi-lo, quedando o mesmo do seguinte xeito:

#### **ACOMETIDAS DE AUGA PARA USO DOMÉSTICO.-**

1.- Visto o escrito presentado por **Dona Maria Diz Domínguez**, con domicilio na rúa Progreso nº 44, 1ªA, desta Vila, no que prega se lle autorice a correspondente acometida de auga para o devandito inmovible, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, acorda conceder o dereito de acometida para uso doméstico, que será supervisada pola empresa concesionaria do servizo.

E visto que en data de 14-01-2016 o interesado abonou a cantidade de 42,07 euros, en concepto de dereitos de acometida, de acordo co que establece a Ordenanza fiscal da taxa polo subministro de auga, artigo 4, parágrafo 2º, apartado a). Asemade, acorda tamén que se lle comunique este acordo á empresa concesionaria do servizo.

Como Secretario fago referencia aos acordos adoptados en Xunta de Goberno Local de 12 de decembro de 2011.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- Da Deputación Provincial de Ourense, Decreto de data 17.02.2016, sobre representantes comarcais na comisión de seguimento do Convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Ourense e os Concellos adheridos para a ordenación e xestión do servizo de recollida de animais abandonados.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

## 5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

### **RESOLUCIÓN do 25 de xaneiro de 2016 pola que se aproba o Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.**

O abeiro da Resolución do 25 de xaneiro de 2016 pola que se aproba o Plan Marco: Mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias 2016, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020, a Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda:

- 1º.- Acollerse a devandita Resolución acordando aprobar a participación no presente Plan Marco.
- 2º.- Prestar aprobación o proxecto denominado “Proxecto de Mellora de Camiños municipais de acceso a explotacións agrarias no Concello de Ribadavia”, redactado polo enxeñeiro do Medio Rural, Don Salvador Añel Prada, por importe de 50.596,15 euros.
- 3º.- Designar como representante do Concello o Alcalde, Don José Ignacio Gómez Pérez.
- 4º.- Poñer a disposición os terreos necesarios para a normal execución das obras dado a titularidade municipal do camiños afectados.

### **LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-**

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

- 1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de xaneiro 2016, por importe de 654,10 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

### **ACTUACIONES EN AREAS DE REHABILITACIÓN INTEGRAL.-**

Que ao abeiro da ordenanza municipal de data 30 de novembro de 2015, publicada no BOP nº 288 o día 16 de decembro de 2015, estanse a tramitar actuacións de rehabilitación para as que se solicita a súa cualificación provisional aos efectos do financiamento previsto no RD 233/2013, de 5 de abril, tendo en conta o previsto no acordo da Comisión Bilateral de Vivenda asinado o 27 de outubro de 2015.

A Xunta de Goberno Local de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia e tendo en conta a documentación obrante nos expedientes e os informes da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia nos que se acredita a veracidade dos datos que a continuación se transcriben, por unanimidade dos asistentes acorda informar favorablemente as solicitudes propoñendo a



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

aprobación das Cualificacións provisionais, remitindo o expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo, sendo estas as seguintes:

Promotor/solicitante (BENEFICIA RIO FINALISTA)	NIF	Enderezo	Tipo actuacións	Nº Vivendas	m <sup>2</sup> útiles	Orzamento previsto	Fin previsto actuación ou prazo en meses	Mº Vº	2015	2016
Delmiro Rodr	76696827 S	Rúa San Mart	Art. 26 1 a)	1	96,00	<b>10.755,00</b>	9 meses	3.764,25		3.764,25
Mª Carmen Leboso Vázquez	44476662 K	Rúa Porta Nova de Abaixo nº 29	Art. 26 1 a)	1	83,00	<b>10.887,00</b>	9 meses	3.810,45		3.810,45
Mª Rosa Sanz	38472857 K	Rúa dos Forn	Art. 26 1 a)	1	70,00	<b>3.010,54</b>	9 meses	1.053,68		1.053,68
Purificación T	76681320 X	Rúa Oliveira n	Art. 26 1 a)	1	65,00	<b>6.660,00</b>	9 meses	2.331,00		2.331,00
Mª Yolanda Rodríguez	36134689 X	Praza Maior n	Art. 26 1 a)	1	117,00	<b>17.143,95</b>	9 meses	6.000,17		5.999,67
Adolfo Lorenz	34623307 G	Praza García	Art. 26 1 a)	1	117,55	<b>21.850,00</b>	9 meses	7.647,50		7.647,50
María Hermid	76678660 H	Rúa Tomás de Lemos nº4, baixo	Art. 26 1 a)	1	100,00	<b>5.162,49</b>	9 meses	1.806,87		1.806,87
Mª Pilar Gonz	35295246 K	Rúa Tomás de Lemos nº4, 1º	Art. 26 1 a)	1	106,85	<b>5.631,80</b>	9 meses	1.971,13		1.971,13
Inés Vázquez	76711167 A	Rúa Tomás de Lemos nº4, 2º	Art. 26 1 a)	1	116,00	<b>5.631,80</b>	9 meses	1.971,13		1.971,13
Jerónimo Docampo Martínez e Amancio Freijido Juste	76689213 Z 34420831 C	Rúa Salgado Moscoso nº 22, 1º	Art. 26 1 a)	1	49,20	<b>33.498,33</b>	9 meses	11.000,00		11.000,00
Jerónimo Docampo Martínez e Amancio Freijido Juste	76689213 Z 34420831 C	Rúa Salgado Moscoso nº 22, 2º	Art. 26 1 a)	1	60,87	<b>40.119,74</b>	9 meses	11.000,00		11.000,00
Jerónimo Docampo Martínez e Amancio Freijido Juste	76689213 Z 34420831 C	Rúa Salgado Moscoso nº 22, 3º	Art. 26 1 a)	1	55,29	<b>35.492,28</b>	9 meses	11.000,00		11.000,00
Manuel Alons	34929372 P	Praza García Boente nº10, Rúa San Martiño nº 26	Art. 26 1 a)	1	184,83	<b>86.612,57</b>	9 meses	11.000,00		11.000,00
Dolores Corti	34528535 S	Travesía Port	Art. 26 1 a)	1	103,00	<b>14.256,36</b>	9 meses	4.989,72		4.989,72
Carmen Corti	34420396 E	Travesía Port	Art. 26 1 a)	1	54,00	<b>4.578,64</b>	9 meses	1.602,52		1.602,52
Purificación G	34943018 S	Rúa Salgado Moscoso nº 5, 2º	Art. 26 1 a)	1	58,35	<b>2.033,63</b>	9 meses	711,77		711,77
Sumas						<b>303.324,13</b>		81.660,19		81.659,69



**6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo a unha do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.